

# O DIÁLOGO NA NARRACIÓN

DEPARTAMENTO DE GALEGO IES A GUÍA

## 1. DIÁLOGO EN ESTILO DIRECTO

### REPRESENTACIÓN LITERAL DA CONVERSA ENTRE PERSONAXES.



## CARACTERÍSTICAS DO ESTILO DIRECTO

- A voz narradora indica quen fala.
- A voz narradora indica con dous puntos (:) que vai introducir as palabras dun personaxe.
- Para representar a voz dos personaxes hai dúas posibilidades:

### Con comiñas ("...")

Só é útil cando hai pouco diálogo.  
Segue a narración (sen punto e á parte).



*Arreboleina contra o medio dos ollos como se non houbo mañá mentres ela exclamaba: "Bingo!" e a compañeira pedía: "Agora, tócame. Tócame!". Non tiven nin que pensar.*

(de Eli Ríos, *Remexido de patacas.*)

### Con trazos (-)

A intervención de cada personaxe inicia liña e vai precedida dun trazo.

A voz narradora pode facer comentarios ás intervencións, na mesma liña, precedidos de trazo. Se é un diálogo longo, ou interveñen máis de dous personaxes convén que a voz narradora indique quen está falando, para non perder o fío da conversa.



*O xefe dos Hummi miroume con curiosidade.*

*-Como sabes iso?-preguntou.  
-Contoumo a miña avoa. Ela é unha muller moi sabia.  
-E que debemos facer nós para defendernos de Ok-ti?  
-Creo que o mellor é que escapedes -recomendeille-.  
Recollede as vosas cousas e buscade un lugar máis oculto, no corazón do mundo.*

(de Andrea Maceiras, *A folla azul*)

# O DIÁLOGO NA NARRACIÓN 2

DEPARTAMENTO DE GALEGO IES A GUÍA

## 2. DIÁLOGO EN ESTILO INDIRECTO

**O DIÁLOGO DOS  
PERSONAXES APARECE  
NARRADO EN 3ª PERSOA.**

## 2. DIÁLOGO EN ESTILO INDIRECTO LIBRE

**A VOZ NARRADORA  
REPRODUCE A VOZ DOS  
PERSONAXES SEN  
MARCAS INTRODUTORIAS.**

## CARACTERÍSTICAS DO ESTILO INDIRECTO

- A voz narradora traspón, resume e interpreta as palabras dos personaxes.
- A voz narradora usa verbos de lingua (dicir, preguntar, informar, contestar...) en pasado, seguidos das conxuncións QUE e SE para introducir as palabras dos personaxes.
- Ao narrar o diálogo, algunhas referencias temporais e de lugar (agora, aquí, etc.) e algúns pronomes persoais cambian (a referencias máis indeterminadas).

*Florinda **dixera que** ela non temía ás pantasma, mesmo desafiara a súa familia **preguntándolles se** tiñan medo delas, quizais dando por sentado que crían nos aparecidos.*

(de An Alfaya, *A sombra descalza*.)

## CARACTERÍSTICAS DO ESTILO INDIRECTO LIBRE

- A voz narradora reproduce en 3ª persoa as palabras ou pensamentos dos personaxes.
- Non hai marcas: nin verbos de lingua nin guións ou comiñas.

*Foise arrimando á beira da estrada que conducía á xeral onde paraba o bus, e de lonxe viu un vulto no foxo, **que sería iso que onte non estaba aí?** Foise achegando paseniñamente, e de súpeto decatouse, era un home tirado.*

(de Xelís de Toro, *Non hai misericordia*.)

# O DIÁLOGO NA NARRACIÓN 3

DEPARTAMENTO DE GALEGO IES A GUÍA

## 3. MONÓLOGO INTERIOR

**REPRODUCE EN 1ª PERSOA  
O PENSAMENTO DO  
PERSONAXE. FALA  
CONSIGO MESMO.**



## CARACTERÍSTICAS DO MONÓLOGO INTERIOR

- O autor ou a autora reproduce en 1ª persoa o pensamento do personaxe.
- Transmite a sensación de que o personaxe fala consigo mesmo.
- Pode ser caótico e pasar dunha idea a outra sen orde (como funciona o noso pensamento). Neste caso falamos de "fluir da conciencia".

*Mi ma, como lle dá esta tía, que mellor era que fose coma as outras, medoñenta e faladora, e non tan arroutada, carafio, que imos rematar baixo dun camiión e ese non era o meu propósito. Amais que tampouco hai tanta présa en afastarse destas terras, que unha cousa é que a min me vaia mal nelas e outra moi diferente que non merezan un chisco de atención.*

(de María Victoria Moreno, *Anagnórise*.)

